

EXPEDIENTE:	2024/00028643P
PROCEDEMENTO:	Relacións de postos de traballo

Proposta da Dirección de Área de Administración sobre a modificación da relación de postos de traballo (RPT).

ANTECEDENTES

1.- O Concello de Santiago de Compostela posúe unha Relación de Postos de Traballo (en diante RPT) cuxa última configuración/adequación de alcance xeral data do ano 2011 (BOP do 27 de maio de 2011), en tanto que con posterioridade unicamente se teñen aprobado modificacións puntuais e de alcance limitado e que, polo tanto, non teñen suposto unha revisión nin actualización substantiva da estrutura administrativa, do cadro de persoal e de postos reflectida e definida nunha RPT global.

Con data 20 de outubro de 2023 (BOP núm. 201) publicouse a Resolución de Alcaldía, 11811/2023, do 4 de outubro, pola que determina a estrutura directiva do Concello de Santiago de Compostela, segundo o cal corresponden á Dirección de Área de Administración as materias de réxime interior, **persoal**, xestión das dependencias municipais e dos fornecementos e loxística relativos ao seu funcionamento, contratación, formación, prevención de riscos do persoal, arquivo, parque móbil e avaliación interna, e calquera outra relacionada con estes fins, e reixerá, polo tanto, as unidades administrativas e o persoal que as xestiona, así como os organismos ou sociedades que teñan relación con elas, se houber.

De acordo coa resolución antedita, a persoa titular do órgano directivo desta área terá as seguintes funcións:

- a) Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
- b) Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
- c) Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
- d) Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

2.- A relación de postos de traballo (RPT) constitúe o instrumento organizativo técnica e legalmente axeitado para a estruturación da súa organización (con respecto e en desenvolvemento, en todo caso, da estrutura da administración que poida terse aprobado) e do seu emprego público, de acordo coas necesidades e esixencias prestacionais básicas ou permanentes existentes en cada momento, e co obxecto de facilitar, en último termo, unha eficaz e eficiente prestación dos seus servizos públicos. Deberá comprender a relación de todos os postos de natureza estrutural existentes, así como a determinación dos contidos e condicións definitorios dos mesmos e o seu desempeño (a este respecto, e no referente aos contidos mínimos a incluír na RPT por cada posto, deberase estar ao disposto, con carácter básico, no artigo 74 do Real decreto legislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en adiante TRLEBEP), así como ao

concretado, en desenvolvemento do mesmo, no artigo 38.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante LEPG).

3.- Para a efectiva materialización das súas previsións e obxectivos, a RPT deberase considerar, e configurar, en directa e necesaria relación coa Plantilla/Cadro de Persoal municipal, que constituiría a materialización e translación práctica á RPT a efectos subxectivos (efectivos de persoal) e orzamentarios; pois comprenderá a relación dos efectivos de persoal (prazas) necesarios para a cobertura das necesidades estruturais de persoal (postos) definidas na RPT, e que deban contar con reflexo e cobertura orzamentarios.

4.- O goberno municipal ten entre as súa prioridades executar unha ordenación dos recursos humanos, coa finalidade de que constitúa un *“instrumento eficaz para a racionalización da xestión dos recursos humanos”*, e con arranxo aos seguintes obxectivos esenciais:

- *Conseguir unha xestión eficiente: a adecuación dos recursos humanos ás necesidades reais e futuras inmediatas, no marco do contexto orzamentario.*
- *Motivar aos profesionais: a captación de novos profesionais e a participación destes en aras a conseguir unha mellora na calidade dos servizos prestados á cidadanía.*
- *Conseguir a máxima eficiencia na asignación dos recursos humanos que redunde nunha maior calidade na prestación dos servizos.*
- *Buscar o equilibrio óptimo entre a creación de emprego, e a estabilidade do mesmo.*
- *Comprometer ao persoal empregado municipal coa mellora na calidade dos servizos á cidadanía.*

5.- A RPT (compreensiva dos postos) e o Cadro de Persoal (compreensivo das prazas) constitúen ambos instrumentos de ordenación do persoal municipal que, aínda que formal e legalmente diferenciados, se atoparían directa e necesariamente vinculados e mutuamente afectados. Nesta correlación e afectación mutua entre ambos instrumentos, cabe observar como a RPT, ao mesmo tempo que condicionaría e determinaría o Cadro de Persoal, tamén necesitaría deste para a materialización efectiva e práctica das súas previsións en materia de persoal, dado que sería este último o que habilitaría a existencia e previsión orzamentaria das prazas de persoal necesarios para a cobertura efectiva dos postos contemplados na primeira. Razóns polas que, tal e como se pretende coa presente modificación da RPT, se require da necesaria, constante e correcta adecuación entre RPT e Cadro de Persoal, ao obxecto de garantir a necesaria adecuación/correlación entre os postos existentes e as prazas correspondentes e de necesaria previsión e dotación orzamentaria.

Ambos instrumentos, en tanto que determinantes para dotar ao Concello da estrutura e efectivos de persoal requiridos para a eficaz e eficiente prestación dos seus servizos públicos e actividade, se caracterizan, xa que logo, pola súa natureza flexible, revisable e dinámica, coa finalidade de garantir, así, a posibilidade da súa adaptación ás necesidades que, a tal e efecto e en cada momento, poidan existir; ademais daquelas outras circunstancias ou novidades normativas, materiais ou doutro tipo que puideran afectarlles.

6.- Esta modificación da RPT municipal e, na liña do exposto na memoria xustificativa funcional, enmárcase na natureza revisable e dinámica da mesma, e ademais está amparada na potestade de autoorganización recoñecida e atribuída ás administracións públicas en xeral e, de modo particular, en virtude do artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL), ás entidades locais; que á súa vez se motiva, e fundamenta, no exercicio das súas competencias a través

da adecuada organización e prestación das súas actividades e servizos públicos, coa finalidade última de satisfacción das necesidades e aspiracións da cidadanía (artigo 25.1 da LRBRL) e, consecuentemente, do interese xeral municipal.

Este principio de autoorganización, en tanto que elemento esencial da autonomía local recoñecida pola nosa Constitución (artigo 137) e que respondería, ademais, ao cumprimento do previsto no seu artigo 103.1, así como no citado artigo 25.1 da LRBRL, comprendería e implicaría, tal e como ten sinalado unha consolidada xurisprudencia do Tribunal Constitucional e Tribunal Supremo, a potestade de cada Administración Local para estruturar a súa organización do xeito que considere máis axeitado para a prestación, cobertura eficaz e satisfactoria dos seus servizos e actividade ordinaria; o que se traduciría, no referido á planificación e ordenación dos recursos humanos, na facultade de definir as súas propias necesidades e estruturas organizativas e de persoal e, polo tanto, a RPT que se adecúe ás mesmas. Outorgándose, a tal efecto, unha ampla marxe e discrecionalidade para a definición, en cada momento, desas necesidades esenciais en materia de persoal e, consecuentemente, da súa estrutura de postos; que se deberá materializar, en todo caso, e como agora se pretende, a través dos instrumentos e procedementos legalmente pertinentes (neste caso, a través da RPT e a tramitación do pertinente expediente de modificación da mesma), e con respecto das restantes previsións e limitacións legalmente aplicables.

Aínda así, e como ten concluído unha consolidada doutrina xurisprudencial existente ao respecto, a dita potestade administrativa, que terá un marcado carácter discrecional, deberá exercerse, en todo caso, dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación.

7.- A proposta de modificación de RPT que se presenta, baséase en tres piares fundamentais:

- a) Adecuación da relación de postos de traballo ao cadro de persoal do Concello, para o cal, ademais de unificar os niveis do persoal segundo o aprobado polo Pleno da Corporación na súa reunión do 20 de marzo de 2024, é preciso homoxeneizar os diferentes postos de traballo no que atinxe á codificación, denominación, área funcional, titulación e/ou formación específica, cando o requira o posto, dando así resposta ás necesidades organizativas máis inmediatas do concello.
- b) Visión de administración única e homoxénea, cunha relación de postos de traballo “realista e integradora” do Concello de Santiago de Compostela, a fin de reducir ao máximo legalmente posible as diferenzas de niveis existentes entre o persoal empregado municipal. A unificación de niveis está recollida no orzamento do Concello para o ano 2024 e ven dada pola nova regulación da carreira profesional derivada da modificación do Acordo Regulador aprobada no ano 2019. A aplicación da carreira profesional segundo o texto inicial do Acordo Regulador publicado no ano 2010 fíxose efectiva co incremento de niveis no complemento de destino, debido a que non existía a posibilidade de aplicación dun complemento de carreira. Na actualidade, o complemento de carreira xa se está a incluír nas retribucións complementarias, e deste xeito

prodúcense disfuncións nos niveis dos postos de traballo que se tentan superar coa aprobación do actual documento de RPT

- c) Creación de postos de traballo que permitan centralizar a xestión do gasto en catro unidades especializadas, garantindo estabilidade e profesionalidade na xestión do gasto en coordinación directa cos órganos de contabilidade e fiscalización.

As catro unidades creadas nesta nova RPT carecen dunha denominación específica que delimite o ámbito concreto da súa actuación, sen prexuízo de que esta concreción se faga posteriormente. Por este motivo, o conxunto das funcións que a continuación se describen corresponden ao conxunto da Sección, e non hai que entendelas como exhaustivas, senón como unha aproximación ao traballo que é preciso realizar, e que, en principio, clasificamos en catro grandes bloques:

I.- Elaboración da memoria de necesidades de contratos menores, coa información subministrada polos centros xestores actuais, servizos, unidades administrativas ou órganos de goberno. Así mesmo, esta área encargárase da solicitude de ofertas, resolución dos contratos, precontabilización das fases previas do gasto, de acordo coas Bases de execución dos orzamentos, seguimento e reclamación das facturas, e recepción das facturas.

II.- Elaboración dos documentos da fase de preparación dos contratos obxecto de licitación, coa información subministrada polos centros xestores actuais, servizos, unidades administrativas ou órganos de goberno. Encargarase tamén do inicio do expediente e seguimento da execución do contrato, en coordinación co Servizo de Contratación, ademais da recepción das facturas e proposta de contabilización, e pagamento das facturas.

III.- Asunción do sistema de anticipos de caixa fixa, de acordo coas Bases de Execución, partindo da solicitude de constitución de anticipos e recepción das necesidades de gasto. Correspóndelle, polo tanto, a autorización e abono dos gastos, logo das comprobacións necesarias; así como, a confección das contas xustificativas periódicas e a solicitude de reposición dos gastos pagados.

IV.- Xestión de subvencións, e polo tanto, verificación da existencia de crédito, elaboración dos documentos que dean soporte ás subvencións, de ser o caso (convenios ou outros instrumentos xurídicos), de acordo coas competencias nesta materia que se establezan, solicitude e recompilación dos documentos acreditativos do dereito a percibir a subvención, proposta de pagamento e xestión das contas xustificativas.

8.- Na memoria xustificativa funcional, que constitúe parte deste expediente, recóllese dun xeito detallado as principais creacións, amortizacións e modificacións realizadas na estrutura de postos da RPT, e que se resumen en:

8.1.- Creacións e amortizacións:

8.1.1.- Creacións de postos inherentes á modificación do Cadro de Persoal derivado do proceso de estabilización:

Denominación	Código	Área directiva
Músico solista/percusión	A11.06.BM.G.039	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/oboe-corno inglés	A11.06.BM.G.038	
Músico trombón	A11.06.BM.G.040	
Músico trompa	A11.06.BM.G.037	
Técnico/a de Xestión	A13.03.TU.E.003	Dinamización Económica
Xestor/a Formativo/a	A13.02.CE.E.004	
Xestor/a Formativo/a	A13.02.CE.E.005	
Traballador/a Social	A12.02.SS.E.039	Políticas Sociocomunitarias
Traballador/a Social	A12.02.SS.E.040	
Educador/a Social	A12.02.SS.H.044	
Técnico/a Normalización	A11.04.LI.D.017	Cultura e Dinamización Cidadá
Arquitecto/a	A10.05.PO.D.027	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a	A10.05.PO.D.028	
Administrativo/a	A10.05.PO.H.052	
Administrativo/a	A10.05.PO.H.058	
Auxiliar Administrativo/a	A05.05.CC.H.031	Tesourería
Auxiliar Administrativo/a	A05.06.AC.H.029	

8.1.2.- Creacións de postos inherentes á modificación do Cadro de Persoal derivado de execución de sentenzas:

Denominación dos postos a crear	Código	Área directiva
Técnico/a auxiliar en redes	A09.02.IS.G.007	Planificación e Xestión Tecnolóxica
Axente de Emprego	A13.02.CE.E.008	Dinamización Económica

8.1.3.- Creacións de postos inherentes á modificación do Cadro de Persoal derivado da taxa de reposición, amortizacións e/ou transformacións de determinadas prazas e creacións doutras:

Denominación dos postos a crear	Código	Área directiva
Técnico/a de Xestión	A00.01.CX.E.011	Coordinación Xeral
Técnico/a de Protocolo	A00.06.CP.D.009	Coordinación Xeral

Técnico/a de Xestión	A05.02.RC.E.011	Tesourería
Técnico/a de Administración Xeral	A08.03.CN.D.007	Administración
Enxeñeiro/a Industrial	A08.04.RI.D.008	Administración
Condutor/a	A08.04.RI.G.027	Administración
Condutor/a	A08.04.RI.G.034	Administración
Técnico/a Medio/a Informática	A09.03.TD.E.005	Planificación e Xestión Tecnolóxica
Arqueólogo/a	A10.02.RV.D.025	Urbanismo e Infraestruturas
Técnico/a de Administración Xeral	A10.03.LC.D.026	Urbanismo e Infraestruturas
Operario Servizos Múltiples/Soldador	A10.06.VO.I.060	Urbanismo e Infraestruturas
Técnico/a de Xestión	A11.03.DP.E.007	Cultura e Dinamización Cidadá
Técnico/a de Mantemento	A11.03.DP.G.011	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico/a (trompa)	A11.05.BM.G.056	Cultura e Dinamización Cidadá
Técnico/a de Administración Xeral	A12.03.IG.D.013	Políticas Sociocomunitarias
Traballador/a Social	A12.02.SS.E.037	Políticas Sociocomunitarias
Traballador/a Social	A12.02.SS.E.041	Políticas Sociocomunitarias
Educador/a / Traballador/a Social	A12.02.SS.E.043	Políticas Sociocomunitarias
Administrativo/a	A12.05.SC.H.059	Políticas Sociocomunitarias
Técnico/a de Xestión	A14.02.MA.E.010	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Enxeñeiro/a Técnico/a Agroforestal	A14.03.PX.E.009	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Policía	A15.02.SG.G.080	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.163	Mobilidade e Convivencia
Administrativo/a	A15.03.EI.H.050	Extinción de Incendios e Salvamento

8.1.4.- Creacións de postos (e amortizacións asociadas) inherentes á súa cobertura por concurso xeral ou concurso específico na nova RPT:

Estes postos logo detallados, suman un total de 14 e dependen da Área de Políticas Sociocomunitarias: 1 dirección de CIM (Grupo A1, nivel 24, preferente titulado humanidades ou ciencias sociais; e da Área de Coordinación Xeral: 1 Xefatura de Sección de Xestión Económica (Grupo A1/A2, nivel 24), 4 responsables de Unidades de Xestión (Grupo A2/C1, nivel 22) e 7 administrativos/as (Grupo C1, nivel 18), 6 deles con destino na Sección de Xestión Económica e 1 en Alcaldía.

A misión principal desta nova Sección de Xestión Económica é a planificación e tramitación dos gastos e control da execución dos orzamentos asignados aos centros

xestores, velando polo cumprimento da normativa e segundo os procedementos aprobados polo Concello.

As funcións propias destes novos postos aparecen definidas e detalladas na memoria funcional que se achega con este expediente,.

Denominación dos postos a crear	Código	Área directiva
Dirección CIM	A12.03.IG.D.011	Políticas Sociocomunitarias
Administrativo/a	A00.02.AL.H.013	Coordinación xeral
Xefe/a de Sección de Xestión Económica	A00.03.XE.C.002	Coordinación xeral
Responsable Unidade de Xestión I	A00.03.XE.C.003	Coordinación xeral
Responsable Unidade de Xestión II	A00.03.XE.C.004	Coordinación xeral
Responsable Unidade de Xestión III	A00.03.XE.C.005	Coordinación xeral
Responsable Unidade de Xestión IV	A00.03.XE.C.006	Coordinación xeral
Administrativo/a	A00.03.XE.H.014	Coordinación xeral
Administrativo/a	A00.03.XE.H.015	Coordinación xeral
Administrativo/a	A00.03.XE.H.016	Coordinación xeral
Administrativo/a	A00.03.XE.H.017	Coordinación xeral
Administrativo/a	A00.03.XE.H.018	Coordinación xeral
Administrativo/a	A00.03.XE.H.019	Coordinación xeral
Administrativo/a	A00.03.XE.H.020	Coordinación xeral

No momento de adxudicación definitiva dos postos a crear, amortizaranse outros postos base en igual número ou no que corresponda en función da taxa de reposición existente nese momento, que os creados e ocupados. En todo caso, o número de postos definitivo será concordante co número de prazas que se aproben no cadro de persoal. Ademais, os postos e prazas a amortizar determinaranse, logo dun estudo previo de necesidades en cada unidade administrativa e unha vez negociado coas organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Negociación.

8.2.- Modificacións

Dispón o artigo 74 do TREBEP que *“as administracións públicas estruturarán a súa organización a través da relación de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos”*. Pola súa parte, o artigo 22.3 do TREBEP dispón que *“as retribucións complementarias son as que retribúen as características dos postos de traballo, a carreira profesional e o desempeño, rendemento ou resultados acadados polo funcionario”*; engadindo o artigo 24 que as retribucións complementarias retribuirán, entre outros factores *“a especial dificultade técnica,*

responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo e as condicións nas que se desenvolve o traballo”

As modificacións que se propoñen nesta nova RPT son as derivadas, da homologación de niveis para todo o persoal empregado municipal, ou as que poidan derivar dunha promoción interna, tal e como se recolle no vixente cadro de persoal, aprobado polo Pleno da Corporación, e segundo se detallan a continuación:

8.2.1.- Modificacións por homologación de niveis de postos dun mesmo subgrupo:

Na memoria xustificativa detállanse, ao igual que no informe da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos e Avaliación que se achegou co cadro de persoal para o ano 2024, os niveis mínimos de cada subgrupo dentro do mesmo colectivo profesional, desaparecendo a figura de “niveis de entrada”; esta modificación afecta aos postos cuxos códigos e áreas directivas figuran a continuación:

Denominación	Código	Área directiva
Xornalista	A00.06.CP.D.008	Coordinación Xeral
Auxiliar Administrativo/a	A00.06.CP.H.021	Coordinación Xeral
Técnico/a de Xestión	A01.01.AX.E.004	Asesoría Xurídica
Auxiliar Administrativo/a	A02.01.SX.H.004	Secretaría Xeral
Técnico/a de Xestión	A03.01.SA.E.004	Secretaría de Admón. Municipal
Administrativo/a	A02.02.PT.C.005	Secretaría de Admón. Municipal
Administrativo/a	A03.02.RX.H.012	Secretaría de Admón. Municipal
Administrativo/a	A04.01.IX.H.005	Intervención Xeral
Administrativo/a	A04.01.IX.H.006	Intervención Xeral
Auxiliar Administrativo/a	A05.02.RC.H.030	Tesourería
Auxiliar Administrativo/a	A05.02.RC.H.033	Tesourería
Administrativo/a	A05.03.XT.F.013	Tesourería
Administrativo/a	A05.03.XT.F.017	Tesourería
Administrativo/a	A05.03.XT.F.023	Tesourería
Administrativo/a	A05.05.CC.H.015	Tesourería

Auxiliar Administrativo/a	A05.05.CC.H.027	Tesourería
Técnico/a de Xestión	A05.04.IT.E.014	Tesourería
Auxiliar Administrativo/a	A05.06.AC.H.026	Tesourería
Auxiliar Administrativo/a	A05.06.AC.H.028	Tesourería
Auxiliar Administrativo/a	A05.06.AC.H.029	Tesourería
Auxiliar Administrativo/a	A05.06.AC.H.032	Tesourería
Economista	A06.01.XC.D.003	Xestión Orzamentaria e Contabilidades
Técnico/a de Xestión	A06.01.XC.E.006	Xestión Orzamentaria e Contabilidades
Administrativo/a	A06.01.XC.H.009	Xestión Orzamentaria e Contabilidades
Auxiliar Administrativo/a	A06.01.XC.H.010	Xestión Orzamentaria e Contabilidades
Auxiliar Administrativo/a	A08.02.RH.H.029	Administración
Técnico/a Intermedio/a Prevenición	A08.02.RH.H.025	Administración
Técnico/a de Xestión	A08.03.CN.E.011	Administración
Técnico/a de Xestión	A08.03.CN.E.012	Administración
Técnico/a de Arquivo	A08.04.RI.D.010	Administración
Porteiro/a Conserxe	A08.04.RI.H.030	Administración
Conserxe	A08.04.RI.H.031	Administración
Conserxe	A08.04.RI.H.032	Administración
Conserxe	A08.04.RI.H.035	Administración
Uxier	A08.04.RI.I.036	Administración
Uxier	A08.04.RI.I.037	Administración
Conductor/a	A08.04.RI.G.026	Administración

Conductor/a	A08.04.RI.G.028	Administración
Conductor/a	A08.04.RI.G.033	Administración
Técnico/a Medio/a Informática	A09.03.TD.E.006	Planificación e Xestión Tecnolóxica
Técnico/a Auxiliar en Redes	A09.02.IS.G.007	Planificación e Xestión Tecnolóxica
Administrativo/a	A10.01.UA.H.051	Urbanismo e Infraestruturas
Técnico/a de Xestión	A10.02.RV.E.032	Urbanismo e Infraestruturas
Auxiliar Administrativo/a	A10.02.RV.H.073	Urbanismo e Infraestruturas
Auxiliar Administrativo/a	A10.02.RV.H.074	Urbanismo e Infraestruturas
Auxiliar Administrativo/a	A10.02.RV.H.075	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a	A10.03.LC.D.021	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a Técnico/a	A10.03.LC.E.031	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a Técnico/a	A10.03.LC.E.035	Urbanismo e Infraestruturas
Administrativo/a	A10.03.LC.H.050	Urbanismo e Infraestruturas
Administrativo/a	A10.03.LC.H.056	Urbanismo e Infraestruturas
Administrativo/a	A10.03.LC.H.057	Urbanismo e Infraestruturas
Auxiliar Administrativo/a	A10.03.LC.H.061	Urbanismo e Infraestruturas
Auxiliar Administrativo/a	A10.03.LC.H.062	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a	A10.04.PL.D.020	Urbanismo e Infraestruturas
Delineante	A10.04.PL.G.043	Urbanismo e Infraestruturas
Auxiliar Administrativo/a	A10.04.PL.H.063	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a	A10.05.PO.D.027	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a	A10.05.PO.D.028	Urbanismo e Infraestruturas

Enxeñeiro/a de Camiños	A10.05.PO.D.029	Urbanismo e Infraestruturas
Enxeñeiro/a Técnico	A10.05.PO.E.033	Urbanismo e Infraestruturas
Arquitecto/a Técnico/a	A10.05.PO.E.036	Urbanismo e Infraestruturas
Administrativo/a	A10.05.PO.H.052	Urbanismo e Infraestruturas
Administrativo/a	A10.05.PO.H.058	Urbanismo e Infraestruturas
Auxiliar Administrativo/a	A10.05.PO.H.064	Urbanismo e Infraestruturas
Operario/a (carpinteiro/a Brigada	servizos metálico/a). A10.06.VO.I.066	Urbanismo e Infraestruturas
Operario servizos. Brigada	A10.06.VO.I.067	Urbanismo e Infraestruturas
Operario servizos. Brigada	A10.06.VO.I.068	Urbanismo e Infraestruturas
Operario servizos. Brigada	A10.06.VO.I.069	Urbanismo e Infraestruturas
Operario servizos. Brigada	A10.06.VO.I.076	Urbanismo e Infraestruturas
Operario servizos (soldador/a). Brigada	A10.06.VO.I.070	Urbanismo e Infraestruturas
Operario condutor-palista	A10.06.VO.I.071	Urbanismo e Infraestruturas
Técnico/a de Administración Xeral	A11.02.ED.D.002	Cultura e Dinamización Cidadá
Técnico/a Medio/a Xestión Deportiva	A11.02.DP.E.008	Cultura e Dinamización Cidadá
Porteiro/a Conserxe	A11.03.DP.H.012	Cultura e Dinamización Cidadá
Porteiro/a Conserxe	A11.03.DP.H.013	Cultura e Dinamización Cidadá
Porteiro/a Conserxe	A11.03.DP.H.014	Cultura e Dinamización Cidadá
Técnico/a Normalización	A11.04.LI.D.017	Cultura e Dinamización Cidadá
Psicólogo/a	A12.02.SS.D.018	Políticas Sociocomunitarias
Educador/a Social/Familiar	A12.02.SS.E.032	Políticas Sociocomunitarias
Técnico/a de Xestión	A12.02.SS.E.038	Políticas Sociocomunitarias

Traballador/a Social	A12.02.SS.E.039	Políticas Sociocomunitarias
Traballador/a Social	A12.02.SS.E.040	Políticas Sociocomunitarias
Traballador/a Social	A12.02.SS.E.041	Políticas Sociocomunitarias
Educador/a Social/Familiar	A12.02.SS.E.044	Políticas Sociocomunitarias
Administrativo/a	A12.02.SS.H.068	Políticas Sociocomunitarias
Auxiliar Administrativo/a	A12.02.SS.H.071	Políticas Sociocomunitarias
Psicólogo/a	A12.03.IG.D.012	Políticas Sociocomunitarias
Administrativo/a	A12.03.IG.H.058	Políticas Sociocomunitarias
ATS/DUE	A12.04.DR.E.023	Políticas Sociocomunitarias
Monitor/a Ocupacional	A12.04.DR.G.046	Políticas Sociocomunitarias
Auxiliar de Clínica	A12.03.DR.G.047	Políticas Sociocomunitarias
Auxiliar Administrativo/a	A12.03.DR.H.057	Políticas Sociocomunitarias
Conserxe	A12.05.SC.H.060	Políticas Sociocomunitarias
Porteiro/a-Conserxe	A12.05.SC.H.061	Políticas Sociocomunitarias
Administrativo/a	A12.05.SC.H.063	Políticas Sociocomunitarias
Administrativo/a	A12.05.SC.H.064	Políticas Sociocomunitarias
Auxiliar Administrativo/a	A12.05.SC.H.066	Políticas Sociocomunitarias
Administrativo/a	A12.06.MO.G.049	Políticas Sociocomunitarias
Auxiliar Administrativo/a	A12.04.SC.H.062	Políticas Sociocomunitarias
Auxiliar Administrativo/a	A12.04.SC.H.066	Políticas Sociocomunitarias
Uxier	A12.05.SC.I.072	Políticas Sociocomunitarias
Uxier	A12.05.SC.I.075	Políticas Sociocomunitarias

Uxier	A12.05.SC.I.076	Políticas Sociocomunitarias
Auxiliar Administrativo/a	A13.01.PE.H.015	Dinamización Económica
Auxiliar Administrativo/a	A13.01.PE.H.016	Dinamización Económica
Axente de Emprego	A13.02.CE.E.008	Dinamización Económica
Técnico/a de orientación Laboral	A13.02.CE.E.009	Dinamización Económica
Auxiliar Administrativo/a	A13.02.CE.H.014	Dinamización Económica
Técnico/a de Xestión	A13.03.TU.E.003	Dinamización Económica
Técnico/a de Xestión	A13.03.TU.E.010	Dinamización Económica
Inspector/a de Servizos	A14.01.SB.E.004	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Auxiliar Administrativo/a	A14.01.SB.H.016	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Auxiliar de Inspección	A14.01.SB.G.017	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Técnico/a Superior Medio Ambiente	A14.02.MA.D.007	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Administrativo/a	A14.02.MA.H.015	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Administrativo/a	A14.03.PX.H.014	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Oficial Xardineiro/a son todos titulares	A14.03.PX.G.018	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Oficial Xardineiro/a	A14.03.PX.G.019	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Oficial Xardineiro/a	A14.03.PX.G.021	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Oficial Xardineiro/a	A14.03.PX.G.022	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Oficial Xardineiro/a	A14.03.PX.G.023	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Oficial Xardineiro/a	A14.03.PX.G.024	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Operario servizos (soldador/a)	A14.03.PX.G.025	Sustentabilidade e Servizos Básicos
Técnico/a de Xestión	A15.01.MB.D.028	Mobilidade e Convivencia

Arquitecto/a Técnico/a	A15.01.MB.E.027	Mobilidade e Convivencia
Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial	A15.01.MB.E.030	Mobilidade e Convivencia
Administrativo/a	A15.01.MB.H.231	Mobilidade e Convivencia
Operario servizos	A15.01.MB.G.229	Mobilidade e Convivencia
Auxiliar Administrativo/a	A15.01.MB.H.230	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.055	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.064	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.077	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.078	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.079	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.083	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.087	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.089	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.104	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.108	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.110	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.119	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.123	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.124	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.125	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.126	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.127	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.128	Mobilidade e Convivencia

Policía	A15.02.SG.G.130	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.138	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.140	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.142	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.156	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.157	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.159	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.160	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.161	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.162	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.164	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.165	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.166	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.167	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.168	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.169	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.170	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.170	Mobilidade e Convivencia
Policía	A15.02.SG.G.172	Mobilidade e Convivencia
Técnico/a Medio Prevención e Seguridade Integral Operativa	A15.03.EI.D.019	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.209	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.210	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.213	Mobilidade e Convivencia

Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.214	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.215	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.216	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.217	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.218	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.219	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.220	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.221	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.222	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.223	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.224	Mobilidade e Convivencia
Bombeiro/a-Conductor/a	A15.03.EI.G.225	Mobilidade e Convivencia
Director/a Banda	A11.06.BM.B.020	Cultura e Dinamización Cidadá
2º Dirección/a Banda	A11.06.BM.C.021	Cultura e Dinamización Cidadá
Xerente	A11.06.BM.C.022	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/frauta	A11.06.BM.G.023	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.024	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.025	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/percusión	A11.06.BM.G.026	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.027	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.028	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/frauta	A11.06.BM.G.029	Cultura e Dinamización Cidadá

Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.030	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.031	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.032	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.033	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.034	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/clarinete	A11.06.BM.G.035	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico percusión	A11.06.BM.G.036	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico trompa	A11.06.BM.G.037	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/oboe-corno inglés	A11.06.BM.G.038	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/percusión	A11.06.BM.G.039	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico trombón	A11.06.BM.G.040	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico trombón	A11.06.BM.G.041	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico clarinete	A11.06.BM.G.042	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico trompeta-fiscorno	A11.06.BM.G.043	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/trompeta	A11.06.BM.G.044	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/percusión	A11.06.BM.G.045	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/trompa	A11.06.BM.G.046	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/fagot	A11.06.BM.G.047	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/bombardino	A11.06.BM.G.048	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/bombardino	A11.06.BM.G.049	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/trombón	A11.06.BM.G.050	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/tuba	A11.06.BM.G.051	Cultura e Dinamización Cidadá

Músico solista/saxofón	A11.06.BM.G.052	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/saxofón	A11.06.BM.G.053	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico solista/saxofón	A11.06.BM.G.054	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico trompeta	A11.06.BM.G.055	Cultura e Dinamización Cidadá
Músico trompa	A11.06.BM.G.056	Cultura e Dinamización Cidadá

No que atinxe aos postos anteriormente referenciados e que son obxecto de modificación por homologación de niveis dentro dun mesmo subgrupo de clasificación, manifestamos que os créditos necesarios para este fin xa foron contemplados na aprobación do orzamento xeral do concello para o exercicio 2024, que tivo en conta os límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións que marca o artigo 7º do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións ao persoal funcionario da Administración local.

8.2.2.- Modificacións por promoción interna

A continuación detállanse os postos de diferentes colectivos que se verán modificados unha vez as persoas titulares superen os correspondentes procesos de promoción interna, tal e como figura definido na nova RPT:

a) **Persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (Bombeiros):**

Dentro deste colectivo diferenciamos a promoción interna de bombeiro/a condutor/a bombeiro/a condutor/a especialista, de cabo a xefe/a de dotación e de sarxento a xefe/a de equipo.

- O persoal empregado municipal que actualmente ocupa os postos de sarxento abaixo referenciados, no caso de aprobar a promoción interna os ditos postos pasarán a denominarse “xefe/a de equipo”, do grupo de clasificación e nivel reflectidos na RPT:

Denominación	Código	Área directiva
Sarxento	A15.03.EI.G.020	Mobilidade e Convivencia
	A15.03.EI.G.021	
	A15.03.EI.G.022	
	A15.03.EI.G.023	
	A15.03.EI.G.024	

--	--	--

- O persoal empregado municipal que actualmente ocupa os postos de cabo abaixo referenciados, no caso de aprobar a promoción interna os ditos postos pasarán a denominarse “xefe/a de dotación”, do grupo de clasificación e nivel reflectidos na RPT:

Denominación dos postos a modificar	Código	Área directiva
Cabo	A15.03.EI.G.175 A15.03.EI.G.176 A15.03.EI.G.177 A15.03.EI.G.178 A15.03.EI.G.179	Mobilidade e Convivencia

- O persoal empregado municipal que actualmente ocupa os postos de bombeiro/a condutor/a abaixo referenciados, no caso de aprobar a promoción interna os ditos postos pasarán a denominarse “bombeiro/a condutor/a especialista”, do grupo de clasificación e nivel reflectidos na RPT:

Denominación dos postos a modificar	Código	Área directiva
Bombeiro/a condutor/a	A15.03.EI.G.182 A15.03.EI.G.183 A15.03.EI.G.185 A15.03.EI.G.186 A15.03.EI.G.187 A15.03.EI.G.188 A15.03.EI.G.189 A15.03.EI.G.190 A15.03.EI.G.191 A15.03.EI.G.192 A15.03.EI.G.193 A15.03.EI.G.194 A15.03.EI.G.195 A15.03.EI.G.196 A15.03.EI.G.197 A15.03.EI.G.198 A15.03.EI.G.199 A15.03.EI.G.200 A15.03.EI.G.201	Mobilidade e Convivencia

	A15.03.EI.G.202 A15.03.EI.G.203 A15.03.EI.G.204 A15.03.EI.G.205 A15.03.EI.G.206 A15.03.EI.G.208 A15.03.EI.G.209 A15.03.EI.G.210 A15.03.EI.G.211 A15.03.EI.G.212 A15.03.EI.G.213 A15.03.EI.G.214 A15.03.EI.G.215 A15.03.EI.G.216 A15.03.EI.G.217 A15.03.EI.G.218 A15.03.EI.G.219 A15.03.EI.G.220 A15.03.EI.G.221 A15.03.EI.G.222 A15.03.EI.G.223 A15.03.EI.G.224 A15.03.EI.G.225	
--	---	--

b) Persoal programador:

- O persoal empregado municipal que actualmente ocupa os postos de programador a baixo referenciados, no caso de aprobar a promoción interna os ditos postos pasarán a denominarse “programador/a informático/a”, do grupo de clasificación e nivel reflectidos na RPT:

Denominación dos postos a modificar	Código	Área directiva
Programador/a	A09.02.IS.G.010	Planificación e Xestión Tecnolóxica
Programador/a	A09.03.TD.G.009	Planificación e Xestión Tecnolóxica

- O persoal empregado municipal que actualmente ocupa os postos de programador a baixo referenciados, no caso de aprobar a promoción interna os ditos postos pasarán a denominarse “técnico/a medio/a informática”, do grupo de clasificación e nivel reflectidos na RPT:

Denominación dos postos a modificar	Código	Área directiva
Programador/a	A09.02.IS.G.011	Programador/a
Programador/a	A09.03.TD.G.009	Planificación e Xestión Tecnolóxica

c) Persoal delineante:

- O persoal empregado municipal que actualmente ocupa os postos de delineante a baixo referenciados, no caso de aprobar a promoción interna os ditos postos pasarán a denominarse “técnico/a medio/a delineante”, do grupo de clasificación e nivel reflectidos na RPT:

Denominación dos postos a crear	Código	Área directiva
Delineante	A10.04.PL.G.034	Urbanismo e Infraestruturas
Delineante	A10.04.PL.G.037	Urbanismo e Infraestruturas
Delineante	A10.04.PL.G.038	Urbanismo e Infraestruturas
Delineante	A10.04.PL.G.044	Urbanismo e Infraestruturas

1.- Marco normativo aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LRBRL), segundo redacción actual e vixente
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), modificado así mesmo pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.
- Normativa autónoma sobre réxime local, nomeadamente a Lei 5/1997, de administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP),
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)
- Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (TRLET).
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado (de aplicación supletoria no eido local).

- Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna (no que resulte aplicable, en virtude do apartado 2 da Disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015).
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLHLL), modificada, entre outras pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.
Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, e aquelas outras leis de orzamentos xerais do Estado e/ou normativa concordante que, segundo o momento, resulten de aplicación.
- Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo do persoal funcionario e do persoal laboral, e aplicables no ámbito territorial e persoal do Concello de Santiago de Compostela
- Decreto de Alcaldía, do 13 de novembro, regulador da nova estrutura orgánica e funcional básica da Administración municipal executiva do Concello de Santiago de Compostela, modificado polo Decreto de Alcaldía do 17 de marzo de 2022.

2.- Cumprimento dos criterios de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos

Considerando o disposto no artigo 69 do Real decreto legislativo 5/2015, a modificación da relación de postos supón unha planificación dos recursos humanos do concello que ten como obxecto contribuír á eficacia na prestación dos servizos e á eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles, mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Considerando que esta relación de postos de traballo é o instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes no Concello de Santiago de Compostela, e se clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, procurando organizar, racionalizar e ordenar ao persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Considerando o informe técnico da persoa titular da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos e Avaliación segundo o cal as modificacións propostas nesta RPT, están suficientemente motivadas, e responden a unha optimización dos recursos humanos dos que dispón o Concello para facer fronte ás súas necesidades e competencias.

Considerando o informe de legalidade emitido pola persoa titular da Secretaría Xeral do Pleno do Concello que conclúe “Infórmase favorablemente a proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Santiago de Compostela”.

3.- Procedemento e modificación da relación de postos de traballo

A modificación proposta, someteuse a consulta e negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello, en virtude do que dispón o artigo 36 do EBEP, en comisións de traballo e en reunións da Mesa Xeral celebradas en datas 3 e 17 de xuño

de 2024, segundo consta na Dilixencia asinada pola secretaria da Mesa que se achega no expediente.

De conformidade co disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a aprobación da modificación corresponde á Xunta de Goberno Local, competencia que é indelegable.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación, e tal e como dispón o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, someterase á información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o citado prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

4.- Efectos económicos da modificación

Indica o artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo. A aprobación da relación de postos de traballo obxecto de informe dispón do crédito necesario nos orzamentos xerais municipais para o exercicio 2024, tal e como se xustifica na memoria económica que forma parte deste expediente.

Así mesmo, os efectos económicos derivados da aprobación desta nova relación de postos de traballo, no que atinxe á homologación de niveis recollido no apartado 8.2.1. desta proposta, será desde o día 1 de xaneiro de 2024, tal e como se recolle no cadro de persoal do ano 2024, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na súa reunión do 20 de marzo de 2024. As restantes modificacións contempladas no apartado 8.2.2. “promoción interna”, terán efectos desde o momento de ser nomeados e superado o proceso de promoción correspondente.

En todos os casos está debidamente xustificada a existencia de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura ás necesidades económicas derivadas desta modificación da RPT tal e como se detalla na memoria económica e se acredita cos correspondentes documentos contables RC.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Santiago de Compostela, nos termos que se sinalan no ANEXO I, como consecuencia das súas necesidades funcionais e organizativas actuais, para o cal existe crédito

axeitado e suficiente nos orzamentos municipais, unha vez que está retido o crédito necesario para facer fronte aos gastos ordinarios de nómina de todo o persoal municipal previstos para todo o exercicio 2024.

Segundo.- Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, a efectos da súa aprobación inicial, e unha vez aprobada definitivamente remitir, no prazo de trinta días, copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.